

Dar as grazas.

No Día de Rosalía de Castro 175 anos despois do seu nacemento.

«Os quilómetros que percorremos dende aquela/ separados» móstranos un mundo por descubrir, que está diante de nós, un mundo no que imos sempre cara adiante, «incansablemente sobre os pasos» porque «fuxir é moi de homes»: un mundo de sexo, de desexo, de amor, de dependencia, de desamor, de frustración, de compromiso político e emocional, de posesión, de tenrura, de miserias e da dureza da vida.

A Alberte Momán, en xeral, e aos seus «Os quilómetros...» deberíamos lellos cos cinco sentidos, con inocencia, sensibilidade, coraxe e quizais tamén algo de carraxe, cos dedos delicados e cos puños pechados, ergueitos e ameazantes porque nunca falta na súa poesía espazo para a beleza e a loita. E non abandona, malia «quixera poder abandonar/ a miña postura/ firme/-cando menos diso/ si estou certo- e marchar das mans/ que din da U/ a facción perdedora» e ás veces «está perdido/incapaz de separarse do seu traballo» [...] vivindo a súa propia Perestroika/ perdidos na postmodernidade» e «tan só coa verticalidade dos meus versos son quen de definir á esquerda deste país».

Lemos os «Os quilómetros...» cos ollos, pero tamén co olfacto, co gusto, co oído e co ventre. Con todo o corpo e non só coas partes «altas» privilexiadas: os ollos e a mente, tamén o lemos dende a polpa, «cos ollos moi pechados e a boca moi aberta», porque dende aí, dende a polpa, coidamos escribiu moitos dos seus versos.

Consegue multiplicar as nosas perspectivas, ábrenos as orellas, afinanos o ollo, edúcanos o sabor, resensibiliza o noso tacto; dános tempo mentres percorremos as súas letras e os seus quilómetros e confórmanos así un novo carácter.

Co tacto:

Escribiu coas mesmas mans coas que iniciou o «seu primeiro acto/ sexual/ nas súas

sabas novas [...] xuntándoas/ fortemente/ sobre o membro/ para non luxar cos seus desperdicios a súa virxindade» coas que «rozando como os dedos meus/ a súa pel húmida [...] logo de espir o sentimento».

Non aforra en ningún dos seus libros, neste tampouco, espazo para a crueldade se é sincera, amósanos a mesa de disección e o contacto, co bisturí, coas pinzas e co espéculo...

Pero deixa tamén todo de lado para percorrer a pel con calma; sabedor de que a pel é o máis profundo que posuímos as persoas, porque «cunha caricia na meixela desprazándose até a caluga/ onde o hipotálamo fainos vulnerables».

Compartimos con el os roces, as vibracións, as presións, as cóxegas, a calor; e o frío das ausencias. Amósanos a postura, o peso que sostén nas súas mans, as actitudes dos músculos e a forza da entrega. Expande esa sabedoría dende o seu cerebro ate os nervios todos deses corpos, que xa non lle son alleos.

Coa vista:

Se os libros emitisen cores, a cor deste libro sería gris metalizado, porque transmite frío e consistencia, aínda que iso si, quécese conforme avanzamos ata acadar a coloración dunha trabe ao sol.

Non podemos escapar da súa ollada, eterno observador incansable e compulsivo. Contempla todo o que o rodea, para descubrir o que agochamos no noso interior, o que lle ocultamos aos demais pero non á súa mirada, pouco inocente xa.

Pero non xulga a ninguén, consólase e consólanos só con ollarnos. E pode cambiar o noso mundo só con contemplalo, reescribíndoo, inventando con emoción un alguén mellor para nós; dende nós.

E todo existe como existe unicamente porque así o sentiu e así o quixo. Sentir é crear. E Alberte crea e recrea a súa Su Liz-hen particular, que poderíamos ser calquera,

só con que el o desexase así.

Coñecedor do poder das palabras utilízalas ao seu antollo e beneficio e transforma con elas a realidade. Se decide lanzarte, acariñarte, tocarte, sublimarte coas palabras sabe como pode facelo e faino. Aínda que ás veces «traizóome/ e comigo as palabras» e entón «abandónome ás palabras/ que concibo como obsoletas/ unha conspiración contra min mesmo».

Co oído:

Do mesmo xeito que o libro está cheo de imaxes, que é un libro visual tamén é un libro sonoro, se cadra pola ausencia do mesmo.

Porque o son neste libro foi o principio, o son é anterior a todo, antes de ver, de tocar, de degustar, ou de cheirar e escoitamos e acompañámolo na BSO da súa vida, escoitando *Lay, lady, lay* mentres foxe ou percorre «os quilómetros dende aquela...»

O son de Alberte é o silencio que o inunda todo ata asfixiarmonos nel. Ese silencio coma maldición ou coma un ben necesario, novo xeito de comunicación entre el e as súas parellas, entre el e as súas palabras.

Co olfacto:

Alberte lévanos a vivir a sensación física dos seus libros, podemos pechar o ollos e evocar o seu cheiro «e ulirte até que formes parte da miña pituitaria».

Móstranos como cheirar as palabras, como ser quen de captar os seus aromas máis volátiles e máis dispersos e apropiarnos dos diferentes tipos de cheiro que as impregnan. Percibimos por veces a atmosfera pechada, o cheiro a vello dos seus versos.

Lémbranos tamén o poder excitante do olfacto: porque o cheiro é unha vibración.

As mulleres do Alberte vibran e non cheiran a perfume, cheiran a mulleres e ás marcas das súas orixes.

Co gusto:

Alberte exercita a sensibilidade propioceptiva porque non repara nas mans coas que toca, na boca coa que lambe, malia colocares os seus dedos ou a súa lingua nos lugares exactos, xa que, coleccionista de experiencias, coñece, con precisión milimétrica a posición relativa das súas xemas, dos seus beizos, para transportarnos dende o máximo pracer ata a dor máis intensa.

O seu propio gusto vaise facendo maior, máis esixente, máis exquisito e forxou un criterio de elección. O xenio crea, pero o gusto elixe, e esa acción só lle pertence a el.

Canta máis poesía devorarmos do Alberte, menos tolerantes somos ante a verborrea de calquera tipo, ben sexan discursos políticos, filosóficos, estudos pedagóxicos ou sociais ou críticas literarias.

A súa poesía é un arte semántico incurable e as posibilidades de que nela ocorra un caso de superficialidade e baleiro son absolutamente escasas ou nulas, porque non almacenou nin no seu cerebro nin no seu corazón experiencias inútiles, senón que desenvolveu a súa capacidade de pensar e sentir por si propio aínda que «aprendo/ contigo/ a ser ti/ e a amar/ malia todo».

Foi un pracer lelo e compartir estas reflexións con vós. O gusto, en calquera caso, é meu.